



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

ANUNCIO

ADHESIÓN DO CONCELLO DE MONFERO A DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CON MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL DO ORGULLO LGTBI 28 DE XUÑO DE 2026

O Concello de Monfero na sesión Plenaria do día 19 de xuño de 2026 adheriuse á Declaración institucional da FEMP con motivo do día internacional do orgullo LGTBI 28 de xuño de 2026 que se transcribe deseguido:

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL, CON MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL DO ORGULLO LGTBI 28 de xuño de 2026

Como cada 28 de xuño, as entidades locais súmanse á conmemoración do Día Internacional do Orgullo LGTBI. Esta data lembra a importancia de seguir defendendo a igualdade real e efectiva das persoas LGTBI e de fortalecer unha convivencia democrática baseada no respecto, a liberdade e a dignidade.

Con motivo desta conmemoración, as entidades locais subliñan o seu firme compromiso coa promoción dos dereitos de todas as persoas, a creación de espazos seguros e a prevención de calquera forma de discriminación. Os nosos pobos e cidades deben ser lugares nos que cada persoa poida desenvolver libremente o seu proxecto de vida.

Neste día, recoñecemos os avances alcanzados e reafirmamos o compromiso local para seguir traballando por unha sociedade máis xusta e igualitaria. A Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) reafirma, un ano máis, o seu compromiso cos valores de igualdade, respecto, liberdade e dignidade.

As entidades locais desempeñan un papel fundamental na promoción de contornas seguras e respectuosas, nos que a diversidade é valorada. Seguiremos impulsando políticas públicas que fomenten a igualdade de trato e a protección dos dereitos humanos. Tamén resulta necesario seguir fortalecendo o papel das organizacións da sociedade civil, incluídas as entidades LGTBI, na elaboración de políticas públicas.

A pesar dos avances logrados en España, aínda persisten situacións de desigualdade e violencia que debemos abordar desde o respecto ao marco constitucional e aos principios de igualdade e liberdade.

Para logralo, consideramos necesario:

- Desenvolver campañas educativas e de sensibilización que promovan a igualdade real e efectiva, a convivencia e o respecto á diversidade



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

- Crear protocolos de atención a vítimas de agresións motivadas pola intolerancia ou a discriminación.
- Formar ao persoal municipal en materia de diversidade sexual e de xénero.
- Poñer freo aos discursos de odio contra o colectivo LGTBI que en calquera ámbito lexitiman e fomentan a discriminación e as agresións.
- A FEMP expresa o seu apoio ás políticas públicas que promovan a igualdade de oportunidades e o respecto mutuo. A educación, a sensibilización, o diálogo e a actuación coordinada das institucións son ferramentas clave para fortalecer a cohesión social e promover o rexeitamento a calquera manifestación de odio, intolerancia ou violencia.

España avanzou de forma significativa en dereitos e liberdades grazas ao consenso democrático. A defensa dos dereitos das persoas LGTBI non responde a unha cuestión ideolóxica, senón ao compromiso democrático cos dereitos humanos e a igualdade. Por iso, invitamos a todos os gobernos locais a unirse a esta conmemoración, que, tamén é un recoñecemento a quen, desde o activismo e os movementos sociais, loitaron durante décadas fronte á persecución, o silencio e a discriminación.

A dignidade, a liberdade e a igualdade deben seguir sendo principios fundamentais na construción de municipios e provincias máis xustos, libres e respectuosos.”

Monfero, na data da sinatura dixital deste documento.

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo